
ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE SE ARRANXE A RÚA PROXECTO VAGALUME NO TRAMO LATERAL DO COLEXIO APOSTOLO SANTIAGO E ENTRADA AO CENTRO XOVE DA ALMÁCIGA

Tanto desde a comunidade escolar do CEIP Apóstolo Santiago como por parte do colectivo de xente xove usuaria do Centro Xove da Almaciga están a chegar numerosas queixas polo calamitoso estado de conservación no que se atopa a entrada ao equipamento municipal. Trátase do espazo situado no lateral do edificio do Colexio, situado xusto na entrada do Centro Xove, que presenta numerosas fochancas provocadas por unha falta de mantimento e desleixo que se ve agravada aínda máis nos días de choiva.

Actualmente este espazo non está incorporado á parcela do CEIP e está aberto permanentemente como aceso peonil ao equipamento municipal, aínda que nun estado de conservación e deterioro agudo e moi grave tal e como se pode observar nas fotografías anexas.

Tendo en conta todo o anterior, desde o grupo municipal de Compostela Aberta **SOLICITAMOS:**

- **Que o Concello de Santiago arranxe canto antes as deficiencias deste espazo urbano e que planifique o seu mantimento con tempo e recursos para que non se volva chegar a esta situación de degradamento e desleixo**

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2022



María Rozas Pérez

GRUPO MUNICIPAL

Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta

Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO

